
DEPARTAMENTO
DE
FRANCÉS

IES ISIDRO PARGA PONDAL
Carballo (A Coruña)

CURSO 2023 - 2024

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA DE FRANCÉS

Contidos de 1º ESO

• Léxico e comunicación

Saudar e despedirse
Presentarse e presentar a alguén
Identificar persoas e obxectos
Nomear o material da clase
Indicar a cor
Describir o aspecto físico e o carácter
Preguntar e dicir a idade
Expresar os gustos e as preferencias
Preguntar e dicir a dirección
Expresar a negación
Dicir a data
Os días da semana e os meses
Contar ata 100
Preguntar e dicir onde se vive
As nacionalidades
Falar da familia
Describir a casa
Localizar no espazo
A cidade

• Gramática

Os artigos definidos, indefinidos e contractos
O feminino
O plural
A forma impersonal “**il y a**”
A interrogación
A negación
Os pronomes tónicos
Os adxectivos posesivos

As preposicións de lugar

O presente do verbo “ **s’ appeler** ”

O presente dos verbos da 1ª conxugación (- er)

O presente dos verbos irregulares seguintes : **être, avoir, faire, aller, venir**

Contidos de 2º ESO

• Léxico e comunicación

Situar no espazo e no tempo

Contar ata 1000

Falar das actividades e dos deportes

Falar dos países e das nacionalidades

Preguntar e dicir a hora

Falar das actividades cotiás

Falar de proxectos inmediatos

Preguntar e indicar un itinerario

Expresar a obriga e a prohibición

Expresar a cantidade

Falar dos alimentos e das comidas

Pedir permiso

Falar da roupa e facer compras nunha tenda

Preguntar e dicir o prezo

As tendas e os lugares da cidade

Pedir e dar informacións

Contar un suceso en pasado

• Gramática

Os artigos definidos, indefinidos, contractos e partitivos

A interrogación

A negación

Os numerais ordinais

Os pronomes COD

O pronome Y

As preposicións de lugar

As expresións de tempo

Os adverbios de cantidade

A comparación

O futuro próximo : ALLER + infinitif

O presente e o imperativo dos verbos da 1ª conxugación (- er), incluídos os verbos pronominais e os acabados en - ger e en - cer

O “ passé composé ” con AVOIR e con ÊTRE

O presente dos seguintes verbos irregulares : **être, avoir, faire, prendre, vouloir, pouvoir, devoir, aller, venir, boire, partir**

Contidos de 3º ESO

• Léxico e comunicación

Expresar a opinión

Falar dos gustos e das preferencias

Describir un obxecto

A ecoloxía

Contar a rutina diaria

O colexio e as materias escolares

Expresar a frecuencia

Describir lugares

A meteoroloxía

Manifestar sentimentos e emocións

O corpo

Os deportes e as actividades

As profesións

Contar e describir situacións do pasado

Expresar a negación

Preguntar e dar unha información

Falar do futuro

Expresar a hipótese

Falar das novas tecnoloxías

• Gramática

A interrogación

A negación

C' est / il est

Os pronomes relativos : **qui, que, où, dont**

Os pronomes COI

O pronome EN

Os pronomes posesivos

Os pronomes demostrativos

As expresións de tempo

O “ passé composé ” con AVOIR e con ÊTRE

A formación e o uso do imperfecto

A formación e o uso do futuro

A formación e o uso do condicional

Os verbos da 1ª conxugación : presente, imperativo, “ passé composé ”, imperfecto, futuro e condicional

Os verbos irregulares seguintes : **avoir, être, faire, prendre, aller, venir, vouloir, pouvoir, savoir, voir, lire, mettre**

Contidos de 4º ESO

• Léxico e comunicación

Falar da cidade

Falar do cine

Falar das viaxes e do aloxamento

Reservar nun hotel

Comprar un billete de tren e de avión

Falar da ecoloxía

Falar do voluntariado, ONG e asociacións culturais

Expresar a dúbida e a certeza

Expresar a oposición

Expresar o acordo e o desacordo

Expresar as emocións

Falar das profesións

Falar dos deportes

Falar das aptitudes e dos proxectos para o futuro

• Gramática

Situar e contar en pasado

Os adverbios en - **ment**

Expresar a duración e a simultaneidade

Os pronomes interrogativos

Os adxectivos e os pronomes indefinidos

Os comparativos e os superlativos

Os pronomes COD e COI

A “ mise en relief ”

Expresar a hipótese

Expresar a causa e a consecuencia

Expresar a finalidade

O estilo indirecto

A formación e o uso do pluscuamperfecto

A formación e o uso do subxuntivo

Os verbos das tres conxugacións e os tempos vistos nos cursos anteriores (presente, imperativo, imperfecto, futuro simple, condicional e “ passé composé ” con AVOIR e con ÊTRE)

Os verbos irregulares seguintes : **être, avoir, vouloir, pouvoir, savoir, devoir, mettre, dire, aller, venir, faire, prendre**

Contidos de 1º Bacharelato 2ª Lingua Estranxeira

• Grammaire

Le verbe : présent, impératif, imparfait, futur simple, conditionnel présent

Le passé composé avec les auxiliaires ÊTRE et AVOIR

Les trois conjugaisons

Les verbes irréguliers suivants : **avoir, être, faire, prendre, aller, venir, vouloir, pouvoir, devoir, savoir, boire, lire, dire, mettre, voir**

L'accord du participe passé

Le féminin et le pluriel

Les articles

Les adjectifs possessifs et démonstratifs

Les adjectifs numéraux ordinaux

L'expression de la quantité

La négation

L'interrogation

Les pronoms COD et COI

Les pronoms EN et Y

Les pronoms relatifs simples

Le comparatif

Les prépositions de lieu

Les expressions de temps

• **Lexique**

Les jours, les mois et les saisons

Les nombres

Les fournitures scolaires

Les pays et les nationalités

La famille

Les métiers et les professions

Les loisirs

La forme et les couleurs

L'aspect physique et le caractère

La ville

Les moyens de transport

Les aliments et les repas

La météo

La journée

Le corps humain

• **Communication**

Saluer et prendre congé

Dire la date

Demander et donner des renseignements personnels : nom, prénom, âge, nationalité, adresse, téléphone, profession, etc

Identifier des personnes et des objets

Décrire des personnes et des objets

Demander et dire l'heure

Parler des goûts et des préférences

Faire des invitations ; accepter et refuser
Demander et indiquer le chemin
Demander et dire le prix
Parler du temps qu' il fait
Commander un menu ou un repas dans un restaurant
Exprimer une quantité
Situer dans l'espace et dans le temps
Raconter une journée
Réserver un billet et un hébergement
Demander et dire où on a mal

Contidos de 2º Bacharelato 2ª Lingua Estranxeira

• Grammaire

Le verbe : présent, impératif, imparfait, plus – que – parfait, futur simple, conditionnel présent
Le passé composé. L'accord du participe passé
Le futur antérieur
Le conditionnel passé
Le subjonctif présent : formation et emploi
Les verbes des trois groupes
Les verbes irréguliers suivants : **avoir, être, faire, prendre, aller, venir, vouloir, pouvoir, devoir, savoir, boire, lire, écrire, dire, mettre, voir, connaître, rire**
La négation et l'interrogation
Les pronoms démonstratifs
Les pronoms interrogatifs
Les adjectifs et les pronoms indéfinis
Les pronoms COD, COI, EN, Y
Les pronoms possessifs
Le participe présent et le gérondif
Les adverbes en - **ment**
L'expression de la condition et de l'hypothèse
L'expression de la cause
Les propositions temporelles
L'expression de l'opposition et de la concession
La proposition subordonnée de conséquence

La proposition subordonnée de but

Le superlatif

La forme passive

Le discours indirect

• **Lexique**

La maison et les meubles

Les animaux domestiques et de la ferme

Les vêtements

Les magasins

L' environnement

La pollution

Les rapports entre les personnes

Les réclamations

Les tâches ménagères

Les sentiments

Les loisirs et la culture

Les études supérieures

Le monde du travail

• **Communication**

Demander et donner des renseignements sur le logement

Décrire un animal

Acheter dans un magasin de vêtements

Proposer des solutions

Faire des reproches

S'excuser

Réclamer

Solliciter, accepter et refuser l'aide de quelqu'un

Exprimer un souhait

Formuler des hypothèses

Demander et donner un conseil

Exprimer les sentiments

Exprimer un jugement positif et négatif

Parler des projets

Rédiger un CV européen

DEPARTAMENTO

DE

FRANCÉS

IES ISIDRO PARGA PONDAL
Carballo (A Coruña)

CURSO 2023 - 2024

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E DE CUALIFICACIÓN

1. Criterios de avaliación

1.1. Para a docencia presencial

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora. Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis serán os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos marcados. Os profesores avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente. É necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación ou a avaliación entre iguais. En todo caso, os distintos instrumentos de avaliación como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas obxectivas orais e escritas ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nunha avaliación coherente.

É fundamental considerar a **avaliación continua da materia** pois realízase ao longo de todo o proceso e permítenos coñecer o nivel de aprendizaxe para axudar os alumnos e alumnas no seu progreso, podendo desta forma ir variando as actividades se o consideramos conveniente e corrixir os erros con actividades de reforzo.

Ademais teremos en conta a avaliación sumativa, que nos permitirá saber ata que punto se acadaron os obxectivos previstos que aparecen reflectidos nas tarefas finais, e a avaliación global, que inclúe non só aos alumnos e aos profesores senón tamén á programación, ás actividades e aos materiais utilizados.

A avaliación debe, pois, contemplar tanto o proceso como o resultado de maneira que faremos fincapé nos seguintes aspectos :

- **Probas escritas** : os alumnos farán como mínimo dúas probas por trimestre que medirá os seus coñecementos e destrezas. As probas a realizar ao longo do curso amosarán a aprendizaxe da lingua.
- **Probas orais** ao longo do curso para avaliar as destrezas do alumnado na comunicación oral en francés así como a súa pronunciación.
- **Proba específica de lectura**, ben puntual, ben durante o trimestre.
- **Traballo de clase** : valoraremos a actitude do alumnado na clase, centrándonos en aspectos fundamentais como o respecto cara á materia, profesorado e compañeiros, a asistencia a clase e a puntualidade. Tamén se valorará o hábito de traballo reflectido no caderno de clase (debe estar completo, correcto, sen faltas de ortografía e ben presentado), as redaccións, a

comprensión e a produción orais, probas variadas (verbos, léxico, lectura, etc) e outras actividades que se realicen. Terá especial valoración a participación do alumnado en francés durante as clases.

- Respectando a liberdade de cátedra, o profesorado deste Departamento resérvase o dereito de realizar a recuperación dalgún exame, se así o estima conveniente. E de forma excepcional, con previa consulta e reunión con acta dos membros do Departamento de Francés, poderase realizar unha proba de recuperación antes da 3ª avaliación na ESO ou da avaliación ordinaria de Bacharelato, no caso de que algún alumno ou alumna xustifique unha baixa puntual do seu rendemento por graves circunstancias familiares ou de saúde.

1.2. Para a docencia non presencial

En caso de que as clases presenciais queden suspendidas, a actividade docente levarase a cabo a través da Aula Virtual do centro e / ou de Webex e todas as actividades realizadas telematicamente polo alumnado serán avaliadas como traballo de clase, tendo moi en conta a súa actitude e o seu interese.

Se o período de clases non presenciais coincide con algunha das avaliacións do curso, as probas presenciais na ESO serán substituídas por fichas de actividades avaliáveis equivalentes e coa mesma cualificación descrita máis abaixo para as mesmas.

En Bacharelato, dado que os grupos son pouco numerosos, poderíase facer algunha proba virtual a través das plataformas xa citadas.

2. Criterios de cualificación

2.1. Para a docencia presencial

Para obter a cualificación establécese o seguinte :

- Tanto as probas escritas ou orais como o traballo de clase serán cualificados cunha **nota de 0 a 10 puntos**, tendo en conta que a nota mínima para superar a materia deberá ser un 5.
- A partir das **probas escritas ou orais** establecerase unha nota obtida por media matemática.
- Haberá, como mínimo, **dúas probas por trimestre**, pero será a nota ponderada de todas as probas, xunto coa cualificación do traballo de clase ao longo do trimestre, o que establecerá a nota final de cada avaliación.
- Poderá haber unha proba específica de lectura, ben puntual, ben ao longo do trimestre, que constituirá unha nota máis para a avaliación.

- A **nota final de cada avaliación** resultará da **media ponderada entre as distintas probas orais e escritas e o traballo de clase.**

- Nota da **3ª avaliación parcial e da avaliación final (ESO)** : ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa. Polo tanto :

- **Todos os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na 3ª avaliación parcial terán aprobado o curso e a nota desta avaliación coincidirá coa nota da avaliación final.**
- **O alumnado que non consiga superar de forma positiva a 3ª avaliación parcial deberá realizar unha proba final dos contidos impartidos ao longo do curso no mes de xuño, antes da sesión de avaliación final. Neste caso, a nota da avaliación final resultará exclusivamente de dita proba escrita.**

- Nota da **avaliación ordinaria (1º de Bacharelato)** : ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa. Polo tanto :

- **Todos os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, terán aprobado o curso.**
- **En caso contrario, deberán examinarse dos contidos impartidos ao longo do curso na proba de avaliación extraordinaria.**

No período comprendido entre a avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria realizaranse diferentes tarefas dependendo do grupo e a criterio do profesorado, segundo os resultados obtidos polo alumnado na avaliación ordinaria :

- Os alumnos aprobados na avaliación ordinaria farán actividades de consolidación e / ou de ampliación, de xeito que poden mellorar as súas competencias para afrontar o curso seguinte.
- Os alumnos coa avaliación ordinaria suspensa farán actividades de reforzo e de consolidación para preparar a proba de avaliación extraordinaria.

- Nota da **avaliación ordinaria de maio (2º de Bacharelato)** : ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa. Polo tanto :

- **Todos os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na avaliación ordinaria de maio, terán aprobado o curso.**
- **En caso contrario, deberán examinarse dos contidos impartidos ao longo do curso na proba de avaliación extraordinaria de xuño.**

- Nota da **avaliación extraordinaria (Bacharelato)** :

- A nota **resultará exclusivamente da proba escrita realizada** en dita convocatoria.

- Respectando a liberdade de cátedra, o profesorado deste Departamento resérvase o dereito de realizar a recuperación dalgún exame, se así o estima conveniente. E de forma excepcional, con previa consulta e reunión con acta dos membros do Departamento de Francés, poderase realizar unha proba de recuperación antes da 3ª avaliación na ESO ou da avaliación ordinaria en Bacharelato, no caso de que algún alumno ou alumna xustifique unha baixa puntual do seu rendemento por graves circunstancias familiares ou de saúde.

Ponderación dos distintos aspectos avaliados na ESO e en Bacharelato

Nos **cursos de ESO**, cada profesor fará a ponderación segundo o seu criterio, baseándose no principio de liberdade de cátedra. De todos os xeitos e tal como se detallou anteriormente, **sempre se terán en conta os exames, probas escritas e orais, e o traballo de clase para obter a nota media de cada unha das avaliacións parciais.**

Nos **cursos de Bacharelato** a cualificación dos exames seguirá en liñas xerais o procedemento e os ítems de avaliación da ABAU, polo que a ponderación será como segue :

BACHARELATO	Ponderación
Compréhension écrite	25 %
Grammaire et lexique	25 %

Production écrite :	
• Résumer le texte et proposer un titre	25 %
• Rédaction / Description	25 %

Finalmente, o Departamento determina :

- As **faltas de asistencia aos exames** só serán xustificadas presentando documentación relevante ante o profesor ou profesora da materia, que informará ao titor da circunstancia que demostre que a causa que motivou a falta non podía facerse noutro momento.
- **Sorprender a un alumno copiando** por calquera medio mecánico ou tecnolóxico implicará a retirada inmediata do exame e unha **cualificación negativa (puntuación de 0) nesa proba.**

2.2. Para a docencia non presencial

Se debido á situación sanitaria actual temos que desenvolver a actividade docente a través da Aula Virtual e / ou de Webex, **todas as tarefas realizadas serán avaliadas como traballo de clase e cualificadas da mesma forma que aparecen reflectidas para a docencia presencial**, tendo moi en conta a actitude e o interese demostrados polos alumnos.

O alumnado **debe entregar todas as súas tarefas** no curso correspondente da **Aula Virtual e respectando os prazos acordados**. **Non se avaliarán** os traballos enviados por calquera outro medio, exceptuando o alumnado sen conexión que pode envialos por correo ordinario, nin aqueles que sexan entregados fóra do prazo estipulado.

As probas presenciais serán substituídas por **fichas de actividades avaliáveis equivalentes** e cos mesmos criterios de cualificación descritos para a docencia presencial. De facer probas virtuais nos cursos de Bacharelato, tamén se cualificarían da mesma maneira que as probas presenciais.

A **nota final** de cada avaliación obterase exactamente igual que no caso da docencia presencial.

3. Criterios de promoción

Como xa se explicou anteriormente, a nota final de cada avaliación resultará da media ponderada entre as diferentes probas orais e escritas e o traballo de clase.

Ao tratarse dunha materia de contidos progresivos, se o alumnado suspende unha avaliación e aproba a seguinte, recupera de forma automática a avaliación suspensa.

Todos os alumnos que na 3ª avaliación parcial (ESO) / avaliación ordinaria (Bacharelato) obteñan unha cualificación positiva, terán aprobado o curso. En caso contrario, deberán recuperar a materia nunha proba final (ESO) / na avaliación extraordinaria (Bacharelato).

A nota da avaliación final (ESO) / avaliación extraordinaria (Bacharelato) resultará exclusivamente da proba escrita realizada. De ser positiva, a materia estará aprobada; en caso contrario, a materia quedará pendente e os alumnos terán que recuperala no curso seguinte.

4. Recuperación de alumnos pendentes

1. Os alumnos de ESO coa materia pendente de cursos anteriores seguirán o plan de reforzo elaborado polo profesorado que imparte dita materia, contando sempre coa colaboración dos demais membros do Departamento para o seu seguimento e a súa avaliación.

2. O currículo da materia pendente é o mesmo do curso pasado, de maneira que se terán en conta os mesmos criterios de avaliación concretados para os cursos correspondentes.

3. Utilizaranse as estratexias metodolóxicas máis adecuadas, así como os recursos necesarios, para que os alumnos recuperen e superen a materia pendente.

4. Os contidos e as actividades a realizar distribuiranse ao longo de cada trimestre.

5. O seguimento das tarefas será na aula e a través da Aula Virtual.

6. Avaliación e cualificación :

6.1. Haberá **3 exames**, un en cada trimestre.

6.2. A nota de cada exame será a nota correspondente a cada unha das tres avaliacións parciais.

6.3. A **nota da avaliación final** resultará da **media aritmética dos 3 exames :**

- Se a **nota media** é **igual ou superior a 5**, a **materia** está **aprobada**.

- Se a **nota media** é **inferior a 5**, os alumnos deberán **examinarse** da parte ou das partes suspensa(s) nunha **proba final en xuño** e logo faise a media coa parte ou partes aprobada(s).
- Se **non aprobaron ningún dos tres exames**, realizarán unha **proba final en xuño con toda a materia**. Neste caso a nota final resultará exclusivamente de dita proba escrita.
- Se aínda así non acadan unha avaliación positiva, a materia quedará pendente para o curso seguinte.

7. A principios do curso todos os alumnos, así como as súas familias, serán debidamente informados por este Departamento do seu plan de traballo para recuperar a materia pendente. Recibirán unha circular na que se indicará a distribución dos contidos e das probas en cada trimestre, o calendario das probas, os criterios de avaliación e de cualificación, os materiais necesarios e o acceso aos contidos na Aula Virtual.

8. Na **docencia non presencial**, os exames escritos serán substituídos por **fichas de actividades avaliáveis** equivalentes e aplicaranse os mesmos criterios de cualificación descritos arriba para a docencia presencial (ap. 6). Estas fichas **deberán entregalas** no curso correspondente da **Aula Virtual** e respectando os **prazos acordados**.

Non se avaliarán os traballos entregados por calquera outro medio, exceptuando os alumnos sen conexión, nin aqueles presentados fóra do prazo estipulado.